

---

# PLAN DE ENSINO VIRTUAL

---



CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA  
CURSO 2020/21

## INTRODUCCIÓN

A crise sanitaria da COVID-19 sitúa ao conxunto da comunidade educativa ante un inédito marco de actuación. Cada centro, seguindo as directrices da Consellería de Educación, ten a obriga de adaptar o seu labor de ensino-aprendizaxe a esta situación que estamos a vivir.

Este documento pretende aclarar a planificación e xestión do ensino non presencial que se levará a cabo no noso centro para garantir a estabilidade do alumnado, profesorado e familias, no caso de corentenas ou confinamentos.

Na súa elaboración procuramos atender a aqueles criterios pedagóxicos, didácticos e metodolóxicos que permitan continuar co proceso formativo do alumnado ante estas ou outras eventualidades derivadas da actual crise sanitaria.

## CONTEXTO

No **Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-21**, editado pola Xunta de Galicia, establécese o uso das Aulas Virtuais para o caso da educación a distancia, polo menos para o alumnado de 3º a 6º de Educación Primaria.

O seu uso en 1º e 2º de Educación Primaria, así como na Educación Infantil, queda a discreción do centro educativo.

O noso centro elaborou un Plan de Continxencia no que se establecen as medidas para o caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial. Neste Plan de ensino virtual simplemente concretáanse ditas medidas, para maior claridade.

## OBXECTIVOS

O obxectivo principal é proporcionar un sistema regrado e estable de docencia virtual, que ofrezca ao alumnado en corentenas ou confinamentos totais ou parciais unhas rutinas similares ás do ensino presencial, garantindo:

- A interacción entre alumnado e docente, e comunicación coas familias.
- A realización de tarefas e mantemento da aprendizaxe.
- A avaliación do progreso do alumnado e da propia programación docente.

## PRINCIPAIS MEDIDAS

- Tentarase desenvolver un horario similar ao do ensino presencial (horario espello), empregando ferramentas de comunicación e aulas virtuais, especialmente de 3º a 6º de EP.
- Nos cursos de 1º e 2º de Educación Primaria, así como na Educación Infantil, usarase tamén a Aula Virtual e diversas ferramentas de comunicación. Levaranse a cabo un horario e unhas tarefas axeitadas a estas idades.
- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario, que tamén realizará o seguimento do alumnado.

## MEDIDAS NO CASO DUN PECHE (DE AULA OU DE CENTRO) OU CONFINAMENTO

O peche comunicarase ás familias o mesmo día, a través da páxina web do centro e de abalarMóbil.

Colgaranse na Aula Virtual do centro os recursos e actividades iniciais, así como as orientacións que se estimen necesarias para as familias.

O profesorado e o alumnado deberán conectarse ás horas que se establecen nos cadros horario que figuran máis abaixo. Utilizarase a plataforma Webex ou aquela outra que designe como aconsellable a Consellería de Educación en cada momento.

As tarefas para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

## HORARIO ESPELLO

Para os cursos de 3º a 6º de EP elaboráronse os denominados “horarios espello”, que pretenden seguir un patrón similar ao que se dá na educación presencial. Para a súa elaboración seguíronse estes criterios:

- Respetar as franxas horarias existentes actualmente no centro.
- Repartir a carga lectiva nun 60% do tempo de asistencia directa por medio da docencia virtual (a través do servizo Webex) e nun 40% para a realización de tarefas por parte do alumnado.
- Agrupar en bloques aquelas áreas que sexa posible, por ser impartidas por un mesmo docente. Esta medida xera unha mellor continuidade entre a asistencia directa e a realización das tarefas, e minimiza o número de veces diarias que ten que conectarse o alumnado. A idea é que poidan ter en todo momento a orientación do mestre/a para realizar as tarefas axeitadamente, evitando a conexión-desconexión continua, que supón unha gran perda de tempo, e un uso intensivo das posibilidades técnicas do fogar; deste xeito, poden ser aproveitadas por irmáns.
- O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial e, polo tanto, está obrigado a participar nas clases non presenciais con aproveitamento, e sometido ás mesmas normas de convivencia, independentemente da situación de peche ou confinamento.
- Garantírase en todo momento a atención á diversidade do alumnado, para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios

que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptación curriculares e aos protocolos de atención á diversidade.

A continuación figuran os horarios espello:

### HORARIO ESPELLO

**AT = Atención Directa (Minutos) vía Webex.**

**T = Tarefas (Minutos).**

En **vermello**, as especialidades e áreas que non imparte o titor/a.

<b>3º PRIMARIA</b>	L	M	M	X	V
9:00-9:50	Inglés AT(50)	Matemáticas AT(50)	Lengua AT(50)	CCNN AT(20) T(30)	Lengua AT(50)
9:50-10:40	Matemáticas AT(50)	EF AT(30) T(20)	Inglés AT(50)	Lingua AT(50)	Lengua T(50)
10:40-11:30	Matemáticas T(50)	Relixión/Valores AT(30) T(20)	Lengua AT(20) T(30)	EF AT(30) T(20)	Lingua T(50)
11:30-12:00	RECREO				
12:00-12:30	P. LECTOR – INDIVIDUAL, MARTES E XOVES; EN GRUPO OS LUNS, MÉRCORES E VERNES				
12:30-13:10	CCSS AT(40)	Música AT(40)	CCNN AT(40)	Plástica AT(25) T(15)	Inglés T(40)
13:10-14:00	CCSS T(50)	Matemáticas T(30)AT(20)	CCSS AT(50)	Lingua AT(20) T(30)	Lingua AT(50)

<b>4º PRIMARIA</b>	L	M	M	X	V
9:00-9:50	Matemáticas AT(50)	EF AT(30) T(20)	Matemáticas AT(50)	Lengua AT(50)	Inglés T(50)
9:50-10:40	Matemáticas AT(20) T(30)	Lengua AT(50)	Matemáticas T(50)	Lengua T(50)	Lingua AT(50)
10:40-11:30	Relixión/Valores AT(30) T(20)	Lengua AT(20) T(30)	Libre conf. AT(25) T(25)	Inglés AT(50)	Lingua T(50)
11:30-12:00	RECREO				
12:00-12:30	P. LECTOR – INDIVIDUAL, MARTES E XOVES; EN GRUPO OS LUNS, MÉRCORES E VERNES				
12:30-13:10	Inglés AT(40)	CCNN AT(40)	Plástica AT(25) T(15)	Lingua AT(40)	Música AT(40)
13:10-14:00	Lingua AT(25) T(25)	CCNN AT(15) T(35)	CCSS AT(30) T(20)	EF AT(30) T(20)	CCSS AT(30) T(20)

<b>5° PRIMARIA</b>	L	M	M	X	V
9:00-9:50	Matemáticas AT(50)	Inglés AT(50)	CCSS AT(50)	Matemáticas AT(50)	Matemáticas AT(50)
9:50-10:40	Matemáticas T(50)	Relixión/Valores AT(30) T(20)	CCSS AT(10)T(40)	Matemáticas T(50)	Lingua AT(20) T(30)
10:40-11:30	Lingua AT(50)	EF AT(30) T(20)	Lingua AT(50)	Lingua AT(50)	Lingua AT(15) T(35)
11:30-12:00	RECREO				
12:00-12:30	P. LECTOR – INDIVIDUAL, MARTES E XOVES; EN GRUPO OS LUNS, MÉRCORES E VERNES				
12:30-13:10	Lingua AT(40)	Lingua T(40)	Inglés AT(40)	CCNN AT(10) T(30)	Plástica AT(25) T(15)
13:10-14:00	CCNN AT(50)	Lingua T(50)	Música AT(50)	Inglés T(50)	EF AT(30) T(20)

<b>6° A PRIMARIA</b>	L	M	M	X	V
9:00-9:50	Lingua AT(50)	LC AT(25) T(25)	Matemáticas AT(50)	Lingua T(50)	Matemáticas AT(50)
9:50-10:40	Lingua T(50)	Inglés AT(50)	Matemáticas T(50)	Lingua AT(50)	Inglés T(50)
10:40-11:30	Inglés AT(50)	Matemáticas AT(50)	EF AT(30) T(20)	CCSS AT(50)	EF AT(30) T(20)
11:30-12:00	RECREO				
12:00-12:30	P. LECTOR – INDIVIDUAL, MARTES E XOVES; EN GRUPO OS LUNS, MÉRCORES E VERNES				
12:30-13:10	Música AT(40)	CCSS AT(40)	Lingua AT(40)	Lingua AT(40)	CCNN AT(40)
13:10-14:00	Relixión/Valores AT(30) T(20)	CCSS T(50)	Plástica AT(30) T(20)	Matemáticas AT(10) T(40)	CCNN AT(15) T(35)

<b>6°B PRIMARIA</b>	L	M	M	X	V
9:00-9:50	Lingua AT(50)	Matemáticas AT(50)	EF AT(30) T(20)	Matemáticas AT(50)	EF AT(30) T(20)
9:50-10:40	Inglés AT(50)	Matemáticas T(50)	Música AT(50)	Inglés T(50)	Plástica AT(30) T(20)
10:40-11:30	CCSS AT(50)	Inglés AT(50)	Lingua AT(50)	Matemáticas T(50)	Matemáticas AT(50)
11:30-12:00	RECREO				
12:00-12:30	P. LECTOR – INDIVIDUAL, MARTES E XOVES; EN GRUPO OS LUNS, MÉRCORES E VERNES				
12:30-13:10	LC AT(20) T(20)	Lingua AT(40)	CCSS AT(40)	CCNN AT(40)	Lingua AT(40)
13:10-14:00	Relixión/Valores AT(30) T(20)	Lingua T(50)	CCSS T(50)	CCNN AT(15) T(35)	Lingua T(50)

## DISTRIBUCIÓN DE MEDIOS INFORMÁTICOS

Todo o alumnado e profesorado foi dotado dunha clave para poder acceder á aula virtual. Calquera problema de acceso poderán solucionalo simplemente dirixíndose ao seu titor/a, que contará co apoio do coordinador TIC do centro.

Fóronse colgando actividades na Aula Virtual do centro, co obxectivo de detectar aquelas familias que non teñen medios tecnolóxicos ou os coñecementos precisos para funcionar axeitadamente coas TIC.

Para reforzar este coñecemento, distribuíuse por parte do centro unha enquisa, tendo así unha idea máis precisa destas necesidades. O colexio afrontará cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias.

Notificarase á Inspección educativa aquelas necesidades que queden sen cubrir.

Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión, responsabilizándose do dito material e, unha vez superada a situación de confinamento ou peche, terán que devolvelo ao centro no prazo de 3 días.

## CONTROL DE AVALIACIÓN E ASISTENCIA

O control de asistencia establecerase diariamente polo docente mediante as ferramentas habituais.

A Dirección do centro, a través da Xefatura de estudos, requirirá unha relación daquelas actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido, ao final de cada semana.

A orientadora do centro velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

As titorías coas familias seguirán a realizarse os luns á tarde de forma telemática ou telefónica. Os tutores/as poderán acordar outro día de titoría coas familias, no caso de que lles fora imposible conectarse nese día.

## FORMACIÓN E INFORMACIÓN

Para o desenvolvemento efectivo do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia, cómpre que o profesorado e o alumnado conten coas competencias necesarias para o uso dos medios telemáticos que se vaian empregar, e poñan a disposición das familias toda a información para o poio ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.



## NORMATIVA DE REFERENCIA

Pode consultarse na seguinte dirección:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/medidas-coronavirus>.

É importante ter en conta que está en continuo cambio, para adaptarse aos avances da pandemia.